

MOCIÓN SOBRE A ADHESIÓN DO CONCELLO AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS DA XUNTA DE GALICIA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de vivenda de Galicia establece que as administracións públicas poderán adoptar medidas dirixidas a impulsar a posta no mercado de vivendas en aluguer de vivendas baleiras, co obxectivo prioritario de favorecer o acceso á vivenda a colectivos singulares, en particular aos colectivos sociais especialmente desfavorecidos, vulnerables ou en situación de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas maiores e persoas novas que pretendan acceder á vivenda por primeira vez.

O contexto de crise dos últimos anos motivou que moitas persoas se visen en risco de perder a súa vivenda habitual pola imposibilidade de facer fronte ao pagamento das cotas hipotecarias ou das rendas de aluguer.


Ante esta situación a Xunta de Galicia vén impulsando desde hai anos diferentes programas. Entre as medidas adoptadas está o Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020. Un plan que ten como primeiro eixo de actuación o “acceso á vivenda” a través de diferentes programas. Entre eles, recóllese o Programa de Vivendas Baleiras co que se pretende mobilizar as vivendas baleiras existentes en Galicia, calquera que sexa o seu propietario, para destinalas a alugueiro social.

Este Programa de Vivendas Baleiras vaise desenvolver en colaboración cos concellos, que serán os encargados de propoñer as vivendas que se poidan incorporar así como os adxudicatarios das mesmas, sempre respectando os requisitos establecidos.

A Xunta de Galicia ten autorizado recentemente o convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias polo que a FEGAMP difundirá entre os concellos a creación deste Programa e promoverá a súa incorporación ao mesmo. Pola súa parte, a Administración autonómica comprométese a proporcionar para as vivendas que se incorporen un seguro multirrisco do fogar e un seguro da garantía do cobro da renda.

A previsión dada a coñecer pola Xunta é que os concellos que desexen participar no Programa de Vivendas Baleiras deberán adherirse ao mesmo asinando o correspondente acordo para este fin.

Tendo en conta esta iniciativa e a implicación que un concello como o noso debe ter na protección do dereito constitucional a unha vivenda, o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte



ACORDO


O Pleno do Concello de Santiago de Compostela acorda:

1.- Dar os pasos necesarios para adherirse ao Programa de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia, para o cal asinará o acordo de adhesión previsto no convenio coa FEGAMP.

2.- O Concello propoñeralle á Xunta de Galicia a inclusión no Programa das vivendas de propiedade municipal que non se atopen ocupadas e que estean en condicións ser habitadas.

3.- O Concello xestionará a incorporación a este Programa de vivendas propiedade de terceiros que se atopen desocupadas e en condicións de ser habitadas.

Santiago de Compostela, a 2 de maio de 2016



Agustín Hernández.
Portavoz do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.